



A pandemia senta os/as galegos/as ante a televisión

- **R constata que o 70 % dos/das galegos/as accederon a este servizo, especialmente a contidos infantís e baixo demanda. O tempo medio de visionamento pasou de menos de 3 horas a máis de 5.**
- **As plataformas dixitais de pagamento lideraron a demanda, con incrementos do tráfico que chegaron a rozar o 90 % con respecto á etapa previa ao confinamento.**
- **Estas plataformas experimentaron tres grandes picos durante 2020: un aumento do 61 % coa chegada do confinamento, un repentino incremento en novembro tras o peche da hostalaría e un novo pico do 86 % no Nadal.**
- **A demanda do resto de servizos de telecomunicacións tamén creceu: Facebook rexistrou picos superiores ao 50 %, o uso de telefonía móbil e fixa duplicouse, WhatsApp aumentou un 300 % e o tráfico de Internet chegou a incrementarse ata un 80 %.**

Luns, 15 de febreiro de 2021. A pandemia tamén influíu nos hábitos de consumo de telecomunicacións da cidadanía galega. En 2020 as persoas pasaron máis tempo ca nunca nos seus fogares, xa sexa polo confinamento, o peche de centros educativos, o teletraballo ou as distintas fases de restrición á mobilidade; o que converteu a televisión na ferramenta de lecer e entretemento por excelencia.

De feito, segundo datos facilitados por **R**, ata o **70 %** dos seus clientes/as consumiron servizos de televisión avanzados este ano, e o tempo de visionamento pasou de menos de 3 horas na etapa previa á pandemia a **máis de 5** a partir de marzo do ano pasado.

En canto aos contidos, os dedicados ás/aos máis pequenas/os e aqueles que se desfrutaban baixo demanda son os que máis creceron, estes últimos ata case o 60 %.

As **plataformas dixitais de pagamento** lideraron a demanda, con incrementos do tráfico que chegaron a rozar o **90 %** con respecto á etapa previa ao confinamento. As cifras rexistradas por este tipo de servizos evolucionaron da man da situación epidemiolóxica e as medidas para o seu control ao longo de todo o ano. Así, coa chegada do confinamento, o tráfico destas plataformas en Galicia creceu ata un 61 %, seguido dun lixeiro descenso coincidindo co período estival e as vacacións. O acceso a contidos audiovisuais en liña volveu experimentar un pico repentino a principios de novembro, tras o primeiro peche da hostalaría, e disparouse ata o **86 %** no Nadal.

Estes resultados repetiránse previsiblemente este ano, xa que as primeiras cifras de 2021 mostran que o tráfico medio das plataformas dixitais de pagamento en xaneiro se sitúa case nun 35 % por riba do rexistrado no conxunto de 2020.

Ano de récord para as telecomunicacións

As cifras non só foron positivas no que respecta á televisión. Dende o confinamento, **R** constatou un aumento dos tráfico en todos os servizos.

Xunto ás plataformas de pagamento para acceder a contidos audiovisuais en liña, **Facebook** tamén destaca entre os servizos preferidos polas galegas e os galegos. Durante o confinamento, o seu tráfico diario creceu ata un 46 %, acadando picos superiores ao **50 %** no Nadal. Ademais, tal e como ocorre coas plataformas dixitais, os primeiros datos de 2021 apuntan a un mantemento desta boa tendencia, xa que no primeiro mes do ano, o tráfico de Facebook chegou a ser ata un 36 % superior ao do conxunto de 2020.

En canto á telefonía, o **uso tanto da móbil como da fixa duplicouse**, cun incremento non só do número de chamadas, senón tamén da súa duración. As persoas precisaban escoitarse, o que incrementou as chamadas de voz; mais tamén verse, de aí o aumento significativo do 300 % no uso de WhatsApp e, especialmente, do seu servizo de videochamadas.

As necesidades de conectividade tamén supuxeron un **aumento do tráfico en Internet**, que experimentou novos picos de uso pola mañá relacionados co teletraballo e a asistencia a clases telematicamente. E así, o pasado mes de decembro rexistrouse o **maior pico de acceso de banda larga da historia, un aumento do 82 %** con respecto ao período anterior ao confinamento.

É destacable que, segundo as conclusións de **R**, os hábitos de consumo das galegas e os galegos en 2020 foron similares en toda Galicia, e non se observaron diferenzas significativas por territorios.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

